



## **CONVOCATORIA DO CONCURSO DE IMAXES GRÁFICAS E PEZAS AUDIOVISUAIS, CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DE 2019 “DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”**

Con motivo da celebración do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocan un Concurso de imaxes gráficas e pezas audiovisuais

### **OBJECTO DO CONCURSO**

O obxecto do concurso é promover a reflexión sobre a loita contra a violencia de xénero dentro dos centros educativos de Galicia, a través dunha acción que fomente a participación cidadá no rexeitamento público e frontal contra a violencia de xénero e sensibilizar sobre a importancia de valores como o respecto e a igualdade entre mulleres e homes.

As pezas que resulten gañadoras en cada categoría poderán ser utilizadas pola Xunta de Galicia na conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero ou en calquera outra acción ou accións de sensibilización contra esta violencia.

### **BASES DO CONCURSO**

#### **1. Participantes**

Poderá participar no concurso calquera centro educativo de ensino non universitario que imparta ensinanzas de infantil, primaria, secundaria e formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, a través de equipos constituídos polo menos por un docente que o coordine, e tantas alumnas e alumnos como se considere.

##### **1.1 Categorias:**

1ª Categoría.- Alumnado 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º de educación secundaria obrigatoria (ESO).

2ª Categoría.- Alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (ESO), de 1º e 2º de bacharelato (BAC), de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior.

#### **2. Temática e características técnicas das obras**

O contido das pezas deberá enviar unha mensaxe que incida na reflexión contra a





# XUNTA DE GALICIA

violencia de xénero, promovendo a erradicación desta violencia e poñendo o foco na prevención, da detección precoz e na intervención.

Queremos contar cos centros educativos de Galicia para amplificar a mensaxe do NON rotundo á violencia de xénero e facela chegar a todas partes.

Propoñemos que cada participante realice unha obra, coa súa propia versión do NON e utilizando técnica libre. O máis importante é transmitir unha mensaxe clara e rotunda en contra da violencia machista. Sen ningún xénero de dúbida.

## 2.1 Modalidade Imaxe gráfica

As pezas gráficas (cartel, cómic, ilustración, debuxo...) realizaranse en formato horizontal ou vertical coas medidas DIN A3 (42 por 29,7 cm), sen imaxes con dereitos de autoría. Deberán ser orixinais e inéditas. Enviaranse en formato papel e formato electrónico coa extensión JPG ou PDF, e deberán incluír obrigatoriamente a frase “25 de novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero”, así como un lema en galego relacionado coa loita contra a violencia de xénero e o seu rexeitamento. Non figurarán na peza o nome do/da autor/a, o nome do profesorado que titorizou ou o traballo nin o nome do centro educativo, sen prexuízo que posteriormente ao fallo do xurado se poidan incluír os títulos de crédito que se considere.

## 2.2 Modalidade audiovisual

As pezas audiovisuais (curtas, videoclips, performances, flashmob, danza, videopoemas, textos recitados etc.), realizaranse en formato libre, sen imaxes ou música con dereitos de autoría, e a través de calquera medio: móbil, tableta ou cámara. Non poderán ter una duración superior a 2.30 minutos e deberán ser orixinais e inéditos; O formato adecuarase aos admitidos por Youtube e Facebook. Enviaranse a través dun enlace de descarga, e deberán incluír obrigatoriamente a frase “25 de novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero”, así como un lema en galego relacionado coa loita contra a violencia de xénero e o seu rexeitamento. Non figurarán na peza o nome do/da autor/a, o nome do profesorado que titorizou ou o traballo nin o nome do centro educativo, sen prexuízo que posteriormente ao fallo do xurado se poidan incluír os títulos de crédito que se considere.

2.3 Cada centro educativo poderá presentar só un traballo en cada categoría e modalidade.

2.4 Os traballos das dúas modalidades deberán presentarse en lingua galega e estar titorizados polo menos, por un ou unha docente do centro, que guiará ao alumnado participante. Os traballos poden ser individuais ou colectivos. Procurarase que no alumnado participante exista unha representación equilibrada de nenos e nenas.





2.5 A técnica e o estilo dos traballos serán libres. As composicións e os slogans deben ser orixinais e inéditos e non se poderán empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.

2.6 Os traballos premiados poderán ser utilizados co gallo da conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero así como en calquera outro evento ou publicación, facendo constar sempre a orixe do traballo, polo que a Xunta de Galicia resérvase a facultade de inserir os logos que sexan necesarios, así como de realizar calquera tipo de modificación ou variación dos elementos do deseño neste sentido.

### 3. Envío dos traballos

3.1 Os centros que desexen participar neste concurso poderán facelo dende o día seguinte ao de publicación das bases nas páxinas web da Secretaría Xeral da Igualdade e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **ata o día 11 de novembro de 2019, as 15:00 horas.**

3.1 As obras da modalidade imaxe gráfica remitiranse por correo ordinario en sobre pechado ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Igualdade, Edificio administrativo San Lázaro s/n 15781 - Santiago de Compostela, facendo constar nel **“I Concurso 25 de novembro-Imaxe gráfica”**.

O sobre debe de conter o traballo e unha folla coa seguinte información:

.Nome e apelido do/a autor/a ou autores/as:

.Curso

.Profesor/a que titorizou o traballo

.Nome do centro

.Teléfono de contacto

.Enderezo electrónico

.Memoria breve que explique o significado do traballo para o equipo (extensión máxima o 1 páxina)

Co fin de axilizar a recepción dos traballos, os centros deberán adiantar a proposta de traballos á Secretaría Xeral da Igualdade mediante o envío (en formato PDF ou JPG e información identificativa) ao seguinte enderezo electrónico: [premios25n.igualdade@xunta.gal](mailto:premios25n.igualdade@xunta.gal) Esta forma de envío non exime aos centros de entregar os traballos tal e como se establece anteriormente.

3.2 As obras da modalidade audiovisual remitiranse por correo electrónico a [premios25n.igualdade@xunta.gal](mailto:premios25n.igualdade@xunta.gal), a través dunha ligazón de descarga (wetransfer, dropbox ou semellante), incluíndo no dito correo como anexo, unha ficha: “I





**Concurso 25 de novembro-Audiovisual**", que debe de conter a seguinte información:

.Nome e apelido do/a autor/a ou autores/as

.Curso

.Profesor/a que titorizou o traballo

.Código e nome do centro

.Teléfono de contacto

.Enderezo electrónico

.Memoria breve que explique o significado do traballo para o equipo (extensión máxima o 1 páxina)

3.3 As propostas que non cumpran os criterios determinados nestas bases non serán consideradas; tampouco serán tidos en conta aqueles traballos cuxo tema non sexa o sinalado nestas bases ou que non fosen realizados baixo a titorización de docentes do centro educativo.

## 4. Xurado

4.1 Para o ditame dos premios establecerase un xurado formado por:

-Presidencia: secretaria xeral da Igualdade, ou persoa en quen delegue.

-Vicepresidencia: director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

-Todas as persoas integrantes da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista.

-Secretaria/o: unha funcionaria ou funcionario da Secretaría Xeral da Igualdade, que actuará con voz pero sen voto.

4.2 Para asegurar a máxima imparcialidade, o xurado non coñecerá a identidade das persoas participantes. A Secretaría Xeral da Igualdade fará chegar os traballos ao xurado e custodiará a documentación que identifique o centro e as persoas autoras das obras ata que se resolva o concurso.

4.3 Para que o xurado se constitúa e poida celebrar as sesións correspondentes precisarase quórum da maioría dos membros.

4.4 Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes e en caso de empate decidirá o voto da presidencia.

4.5 O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento, así como de declaralo deserto, de ser o caso.

4.6 O xurado valorará, entre outros, os seguintes aspectos: a participación activa do alumnado, o traslado unha mensaxe acorde cos obxectivos que se promoven de rexeitamento da violencia de xénero, a calidade técnica, a orixinalidade, a





creatividade, a claridade ou a adecuación da mensaxe, e elixirá entre todos os traballos presentados, os dous mellores en cada modalidade.

## 5. Entrega de premios

O xurado recoñecerá o valor dos traballos finalistas, do alumnado e do profesorado encargado de supervisar e titorizalos, nun acto público onde se fará entrega do primeiro e segundo premio en cada unha das categorías e modalidades. O lugar, a data e a hora faranse públicos nas páxinas web da Secretaría Xeral da Igualdade e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## 6. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra e incondicional destas bases.

## 7. Cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición

A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición dos traballos premiados; así como o dereito a retirar todos os demais traballos que non resultaron premiados.

En todo caso, sempre que se utilice algún dos traballos premiados cos fins previstos nestas bases, nel figurará o nome do centro educativo que o elaborou.

En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten, serán utilizados con fins de comunicación nas distintas fases do concurso e en ningún caso serán utilizados con outra finalidade diferente á indicada nas presentes bases.

Os centros participantes serán os responsables últimos de garantir o pleno respecto da normativa vixente de materia de protección de datos persoais do alumnado menor de idade que participe ou se vexa exposto nos produtos presentados a este concurso. Garantírase que a reprodución da imaxe de menores estará sempre autorizada con anterioridade conforme a normativa.

En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación á Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio Administrativo San Lázaro, s/nº 15781 Santiago de Compostela, ou no enderezo de correo electrónico [igualdade@xunta.gal](mailto:igualdade@xunta.gal)

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Director xeral de Educación, Formación  
Profesional e Innovación Educativa

Secretaria xeral da Igualdade

Manuel Corredoira López

Susana López Abella

